

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

PROGRAMA DAS INICIATIVAS EMPREENDEDORAS E DE EMPREGO (I+E+E).

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

XERAR EMPREGO ESTABLE, PRINCIPALMENTE ENTRE OS MOZOS E MULLERES, APOIANDO E DINAMIZANDO O DESENVOLVEMENTO DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, CON ESPECIAL ATENCIÓN AOS CONCELLOS DO RURAL GALEGO.

3. TIPOS DE APOIO

- SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE.
- SUBVENCIÓN FINANCEIRA.
- SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA.
- SUBVENCIÓN PARA O INICIO DA ACTIVIDADE.
- SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR DAS PERSOAS PROMOTORAS

ESTE RÉXIME DE AXUDAS **NON TEN A CONSIDERACIÓN DE CONCORRENCIA COMPETITIVA** (COMPARACIÓN E PRELACIÓN), A CONCESIÓN REALÍZASE POLA CONCORRENCIA NO SOLICITANTE DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS, ATA O ESGOTAMENTO DO CRÉDITO ORZAMENTARIO.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

AS EMPRESAS PRIVADAS CALQUERA QUE SEXA A FORMA XURÍDICA QUE ADOPTEN, **AGÁS AS PERSOAS FÍSICAS, COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS, SOCIEDADES COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS, SEMPRE QUE CUMPRAN AS CONDICIÓNS E OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NESTA ORDE**, PARA CADA TIPO DE AXUDA E NAS QUE CONCORRAN NA DATA DO SEU INICIO DE ACTIVIDADE, AS SEGUINTE CIRCUNSTANCIAS:

- QUE SEXAN EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN
- QUE SEXAN VIABLES TÉCNICA, ECONÓMICA E FINANCEIRAMENTE.
- QUE XEREN EMPREGO ESTABLE PARA PERSOAS DESEMPREGADAS.
- QUE TEÑAN O SEU DOMICILIO SOCIAL, FISCAL E O SEU CENTRO DE TRABALLO NUN CONCELLO DE GALICIA.
- QUE SEXAN PROMOVIDAS COMO MÁXIMO POR 5 PERSOAS, E QUE ENTRE OS SOCIOS/AS, E PROMOTORES/AS NON FIGURE NINGUNHA PERSOA XURÍDICA.
- QUE A EMPRESA TEÑA UN CAPITAL SOCIAL MÁXIMO DE 120.202 €.
- QUE COMO MÍNIMO O 50% POR CENTO DO SEU CAPITAL SOCIAL SEXA DE TITULARIDADE DOS PROMOTORES/AS QUE SEXAN PERSOAS DESEMPREGADAS, QUE CREEN O SEU PROPIO POSTO DE TRABALLO NA EMPRESA.

5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR EMPRESARIAL

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

PODERÁN SER OBXECTO DE SUBVENCIÓN AS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES QUE CUMPRINDO OS REQUISITOS DE CADA TIPO DE AXUDA SE DESENVOLVESEN DESDE O 16 DE SETEMBRO DE 2009.

A.-SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE-

CANDO A DEDICACIÓN SEXA A TEMPO PARCIAL AS CONTÍAS DESTES INCENTIVOS SERÁN PROPORCIONAIS AO TEMPO EFECTIVO DE TRABALLO EN FUNCIÓN DA XORNADA ORDINARIA DE TRABALLO DO CONVENIO. CANDO SE TRATE DE CONTRATACIÓNS INDEFINIDAS DE TRABALLADORES/AS POR CONTA ALLEA SERÁ COMPATIBLE COAS BONIFICACIÓNS DA SEG, SOCIAL SEN QUE OS DOUS BENEFICIOS SUPEREN O 60% DO CUSTO SALARIAL ANUAL.

NON SE PODERÁ CONCEDER A TRABALLADORES QUE PRESTASEN SERVIZOS NA MESMA EMPRESA EN VIRTUDE DUN CONTRATO TEMPORAL

B.-SUBVENCIÓN FINANCIERA-

OS PRÉSTAMOS DEBERÁN SER CONCEDIDOS POR ENTIDADES FINANCEIRAS CON CONVENIO COA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E DEBERÁN FORMALIZARSE ENTRE A DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE E O 31 DE SETEMBRO DE 2010, DEBENDO ACREDITAR O INVESTIMENTO EN INMOBILIZADO MATERIAL OU INTANXIBLE SEN INCLUIR O IVE ENTRE O PERÍODO DO INICIO DE ACTIVIDADE E ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2010.

O BENEFICIARIO NO PRAZO DE 30 DÍAS DESDE QUE TEÑA COÑECEMENTO DO PAGAMENTO TEN QUE PRESENTAR CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLA ENTIDADE FINANCEIRA ACREDITATIVA DA AMORTIZACIÓN DO PRINCIPAL DO PRÉSTAMO NA CONTÍA SUBVENCIONADA.

C.-SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA-

O GASTO ORIXINADO POLA ASISTENCIA TÉCNICA DEBERÁ PRODUCIRSE NO PERÍODO SUBVENCIONABLE E XUSTIFICARSE CON ANTERIORIDADE AO PRAZO ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN, OU, DE SER O CASO, ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2010.

D.-SUBVENCIÓN PARA O INICIO DA ACTIVIDADE- A TRAVÉS DESTA AXUDA, SERÁN SUBVENCIONABLES OS GASTOS REALIZADOS CON POSTERIORIDADE AO INICIO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E EFECTIVAMENTE XUSTIFICADOS CON ANTERIORIDADE Á FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE XUSTIFICACIÓN ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN, OU, SE É O CASO, ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2010.

E.-SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PROFESIONAL E PERSOAL DOS PROMOTORES- CONCÉDESE ESTA SUBVENCIÓN PARA SUFRAGAR O CUSTO DO SERVIZO DE GARDERÍA A AQUELES/AS PROMOTORES/AS QUE TEÑAN FILLOS MENORES DE 3 ANOS. SERÁN BENEFICIARIAS AS EMPRESAS POLOS PROMOTORES QUE, OBTENDO A SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE SEXAN TITULARES DE FAMILIAS MONOPARENTAIS OU NAS QUE OS 2 CÓNXUXES REALICEN UNHA ACTIVIDADE LABORAL E ESTEAN DADOS DE ALTA NO CORRESPONDENTE RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL.

POR ÚLTIMO DEBENSE TER EN CONTA AS OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS, REGULADAS NA ORDE DE CONVOCATORIA.

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES

A.-SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE- SERÁ OBXECTO DE SUBVENCIÓN A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ESTABLES DE CARÁCTER INDEFINIDO, INCLUÍDOS OS DAS PROPIAS PERSOAS PROMOTORAS, QUE SEXAN OCUPADOS POR PERSOAS DESEMPREGADAS, ATA UN MÁXIMO DE DEZ, CREADOS DENDE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E ATA O 30 DE XUÑO DE 2010.

B.-SUBVENCIÓN FINANCEIRA- SUBVENCIONARASE A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE A REDUCCIÓN DOS XUROS, DE PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR OS INVESTIMENTOS EN INMOBILIZADO MATERIAL OU INTANXIBLE QUE SEXAN NECESARIOS PARA A CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DESTAS EMPRESAS. COMO MÍNIMO O 75% DO PRÉSTAMO DEBERÁ DESTINARSE A FINANCIAR INVESTIMENTOS EN INMOBILIZADO MATERIAL OU INTANXIBLE. **NON SE SUBVENCIONA A ADQUISICIÓN DE BENS USADOS, AGÁS O TRASPASO DE NEGOCIOS**

C.-SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA- PARA AXUDAR A PERSOA PROMOTORA OU EMPRESARIO/A NA TOMA DAS DECISIONS NECESARIAS PARA O FUNCIONAMENTO DA EMPRESA. CON ESTA AXUDA PODERASE FINANCIAR A ASISTENCIA TÉCNICA NECESARIA QUE PODERÁ CONSISTIR NAS SEGUINTE MODALIDADES:

--**Axuda por formación**, que incluírá os cursos que a persoa promotora poida recibir para obter e mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.

--**Axuda pola realización externa de estudos e informes sobre a actividade** para que a persoa promotora ou empresario/a poida dispoñer de mellor información sobre os bens ou servizos obxecto de produción, incluíndose nesta epígrafe os estudos de mercado, organización, comercialización, diagnose e outros de natureza análoga.

D.-SUBVENCIÓN PARA O INICIO DE ACTIVIDADE- PARA O FINANCIAMENTO DOS PRIMEIROS GASTOS DA ACTIVIDADE. SERÁN SUBVENCIONABLES OS SEGUINTE GASTOS: **GASTOS DE CONSTITUCIÓN DA EMPRESA; COMPRA DE MERCADORÍAS, MATERIAS PRIMAS E OUTROS APROVISIONAMENTOS; ARRENDAMENTO DO LOCAL, DE MAQUINARIA, E DE EQUIPOS INFORMÁTICOS, GASTOS DO SEGURO DO LOCAL; PUBLICIDADE E SUBMINISTRACIÓNS, EXCLUÍDO** O IVE, ASÍ COMO OS IMPOSTOS E GASTOS REFERIDOS AOS DOMICILIOS PARTICULARES DALGUNHA DAS PERSOAS PROMOTORAS.

E.-SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PROFESIONAL E PERSOAL DOS PROMOTORES- SERÁN SUBVENCIONABLES OS GASTOS DA GARDARÍA CORRESPONDENTES AOS 3 MESES ANTERIORES AO INICIO DA ACTIVIDADE, SEMPRE QUE ESTEAN DENTRO DO PERÍODO SUBVENCIONABLE, E ATA O MES DE OUTUBRO DE 2010.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

A.-SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE- CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ESTABLES INDEFINIDOS OCUPADOS POR DESEMPREGADOS (INCLUIDOS OS PROMOTORES/AS), INCENTIVARANSE, ATA UN MÁXIMO DE DEZ, CADA UN DELES COAS SEGUINTE SUBVENCIÓN:

- **4.000 euros** para desempregados en xeral.
- **5.000 euros** para mozos desempregados de 30 ou menos anos.
- **5.000 euros** para mulleres desempregadas
- **5.600 euros** para mozas desempregadas de 30 ou menos anos
- **6.000 euros** para persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego; persoas desempregadas de longa duración; emigrantes retornados/as; persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social e persoas desempregadas con discapacidade.

B.-SUBVENCIÓN FINANCEIRA- ESTA AXUDA, PAGADOIRA DUNHA SOA VEZ, SERÁ COMO MÁXIMO O EQUIVALENTE Á REDUCCIÓN DE ATA CATRO PUNTOS DO XURO FIXADO POLA ENTIDADE DE CRÉDITO QUE CONCEDA O PRÉSTAMO (CALCULADA SOBRE OS 8 PRIMEIROS ANOS DA SÚA VIXENCIA). ESTA SUBVENCIÓN TERÁ COMO **LÍMITE** AS CONTÍAS ESTABLECIDAS PARA A SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE PARA CADA COLECTIVO. PARA OS EFECTOS DO CÁLCULO, SÓ SE TERÁN EN CONTA OS POSTOS DE TRABALLO CREADOS DESDE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E ATA O 30 DE XUÑO DE 2010.

C.-SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA- SERÁ DE ATA O **75 % DOS CUSTO DOS SERVIZOS RECIBIDOS CUN LÍMITE MÁXIMO DE 12.000 €**, POLO CONXUNTO DAS MODALIDADES DE ASISTENCIA TÉCNICA.

D.-SUBVENCIÓN PARA O INICIO DA ACTIVIDADE- A SUBVENCIÓN SERÁ DE ATA:

- **2.400 euros** por cada emprego subvencionable ata un máximo de dez.
- **3.600 euros** para persoas desempregadas de longa duración e persoas desempregadas con discapacidade.
- **4.800 euros** para as persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego.

E.-SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PROFESIONAL E PERSOAL DOS PROMOTORES- **75% DO CUSTO DOS SERVIZOS DE GARDARÍA ATA UN MÁXIMO DE 3000€** PARA AQUELES PROMOTORES QUE TEÑAN FILLOS/AS MENORES DE 3 ANOS.

AS **CONTÍAS MÁXIMAS** DA AXUDAS **INCREMENTARÁNSE NUN 25%** NOS CASOS DE QUE A EMPRESA TEÑA O SEU DOMICILIO SOCIAL E CENTRO DE TRABALLO NUN CONCELLO RURAL.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O PRAZO XERAL DAS AXUDAS, FINALIZARÁ O 30 DE XUÑO DE 2010, RESPECTANDO OS PRAZOS ESPECÍFICOS PREVISTOS PARA CADA TIPO DE SUBVENCIÓN.

- **SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE.** O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE **SERÁ DE DOUS MESES DESDE A DATA DE ALTA NO CORRESPONDENTE RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL,** RESPECTÁNDOSE O PRAZO XERAL, AÍNDA QUE NESTA DATA NON TRANSCORRESEN OS DOUS MESES.

- **SUBVENCIÓN FINANCEIRA** DEBERÁ PRESENTARSE NOS **DOUS MESES SEGUINTE AO INICIO DA ACTIVIDADE,** RESPECTANDO O PRAZO XERAL AÍNDA QUE NON TRANSCORRESEN OS TRES MESES ANTERIORMENTE CITADOS.

AS **DEMAIS AXUDAS** PRESENTARANSE NO PRAZO XERAL DO 30 DE XUÑO DE 2010.

NON OBSTANTE, **AS ACTUACIÓNS REALIZADAS ENTRE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E A DATA DE PUBLICACIÓN DESTA ORDE**, AÍNDA QUE TRANSCORRESE O PRAZO ESTABLECIDO DESDE A ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL OU DESDE O INICIO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL, **PODERÁN PRESENTARSE ATA O 30 DE XUÑO DE 2010.**

11. INCOMPATIBILIDADES

EN NINGÚN CASO, O IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS CONCEDIDAS AO ABEIRO DESTA ORDE PODERÁ SER DE TAL CONTÍA QUE ILLADAMENTE OU EN CONCORRENCIA CON OUTRAS, **SUPERE O 80% DO CUSTO DA ACTIVIDADE** QUE VAIA DESENVOLVER A ENTIDADE BENEFICIARIA.

NON SE PODERÁN IMPUTAR OS MESMOS GASTOS AOS DISTINTOS TIPOS DE AXUDA PREVISTOS NESTE PROGRAMA.

ESTAS SUBVENCIÓNS SERÁN INCOMPATIBLES COAS AXUDAS: PROGRAMAS DE APOIO A INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA; INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES), E DE INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO CONVOCADOS POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

A AXUDA POLA XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE SERÁ **INCOMPATIBLE** COAS ESTABLECIDAS NOS DIFERENTES PROGRAMAS DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. **SERÁN COMPATIBLES** COAS AXUDAS OU BONIFICACIÓNS ÁS COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE DO 7 DE MAIO DE 2010 (D.O.G. DO 18 DE MAIO DE 2010).

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

14. OBSERVACIÓNS

EXCLUSIÓNS:

-Os empregos de carácter estable realizados con persoas desempregadas que nos 24 meses anteriores á data de alta na seguridade social, prestasen servizos mediante un contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas, nas que participasen persoas ou entidades que pola súa vez sexan promotoras da empresa solicitante.

-Os promotores/as que nos 3 meses anteriores á data de inicio da nova actividade estivesen de alta como traballadores/as autónomos/as en calquera réxime da seguridade social.

-Serán excluídos os solicitantes que incorran nalguna das circunstancias previstas no art. 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

-As persoas ou empresas que percibisen subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo, iniciativas locais de emprego ou iniciativas de emprego de base tecnolóxica nos catro anos anteriores a data do inicio da nova actividade.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

1.-As empresas beneficiarias, cando no período de tres anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, están obrigadas no **prazo de 2 meses** a cubrir a vacante, cun tempo de dedicación igual ao anterior debendo pertencer a persoa traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano cque concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. (Neste caso, a cobertura da vacante poderá admitirse a transformación de contratos temporais en indefinidos de traballadores/as vinculados/as temporalmente á empresa, sempre que a baixa do traballador/a substituído se realice unha vez transcorrido o primeiro ano desde a súa incorporación á empresa).

2.-**Transcorridos tres anos dende a data de inicio da súa actividade** as empresas beneficiarias presentarán dentro do prazo de tres meses seguintes unha relación da vaiación das altas e baixas do persoal da empresa durante eses tres anos.

3.-As empresas beneficiarias deberán manter a forma xurídica pola que se lles concedeu a subvención durante un tempo mínimo de tres anos desde que se iniciou a actividade.

DEFINICIÓNS:

--**ENTENDERASE POR PERSOA DESEMPREGADA**, as que figuren inscritas como demandantes de emprego no SPE e carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da tesouraría xeral da Seguridade Social, na data da súa alta no correspondente réxime da seguridade social.

--**ENTENDERASE POR CONCELLO RURAL**, aquel que teña unha poboación de menos de 20.000 habitantes, tomando como referencia as cifras de poboación do real Decreto 1918/2009 do 11 de decembro (BOE nº 309, do 24 de decembro), resultantes da revisión do padrón municipal publicado polo ine.

--**ENTENDESE POR EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN**, aquelas que inicien a súa actividade empresarial desde o 16 de setembro de 2009.